

ANUNCIO

Ampliación do prazo para presentar a documentación do apartado 12.B da convocatoria das subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna do Concello de Ferrol aprobou mediante decreto de data 18.05.2022, o seguinte acordo:

“Único: Ampliar en 4 días hábiles o prazo para presentar a documentación do apartado 12.B da convocatoria das subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de A Magdalena e Ferrol Vello, A Graña e Esteiro Vello, Concello de Ferrol. Convenios do 01.12.2021, Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021, sempre que o prazo estea iniciado pero non vencido nas datas nas que se produciu a incidencia técnica comunicada polo Centro de Recursos Informáticos (14, 15, 16 e 17 de maio de 2022).”

Ferrol, 19 de maio de 2022.

O concelleiro delegado titular da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna
(por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP 22/07/2019)
Julián Reina Villalón